

## O ESTRANXEIRISMO LÉXICO NA OBRA NARRATIVA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Xosé M. Salgado

Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela

### 1. CONSIDERACIÓN PREVIA

Os termos lexicais analizados así como as citas de textos de Otero Pedrayo tomáronse dos libros e edicións que se indican a continuación, consignándose tamén a abreviatura empregada para designa-la obra respectiva. O noso propósito inicial foi o de cinguirnos exclusivamente á obra narrativa do autor ourensán; de tódolos xeitos, e como se pode apreciar polos títulos examinados, as nosas pescudas foron máis alá, traspasando os lindeiros deste eido.

**EN:** *Escrito na néboa*, A Cruña, Lar, 1927.

**CV:** *Os camiños da vida*, novela en tres partes: I “Os señores da terra”; II “A maorazga”; III “O estudante”, A Cruña, Nós, 1928.

**AS:** *Arredor de sí*, A Cruña, Nós, 1930.

**VP:** “Vidas non paralelas”, *Nós*, 76, 77 e 78, 1930.

**L:** *A lagarada*, A Cruña, Nós, 1929.

**PL:** *Pelerinaxes*, A Cruña, Nós, 1929.

**CC:** *Contos do camiño e da rúa*, Santiago de Compostela, Nós, 1932.

**RG:** *A romeiría de Gelmírez*, Santiago de Compostela, Nós, 1934.

**FV:** *Fra Verner*, Santiago de Compostela, Nós, 1934.

**D:** *Devalar*, Santiago de Compostela, Nós, 1935.

**ME:** *O mesón dos ermos*, Ourense, Aláuda, 1936.

**P:** *O desengano do prioiro ou o pasamento da alegría co grande auto epilodal e xusticieiro dos fêretros de Floravia*, Vigo, Monterrey, MCMLII.

**VC:** *Entre a vendima e a castañoira*, Vigo, Galaxia, 1957.

**SR:** *O señorito da Reboraina*, Vigo, Galaxia, 1960.

**ES:** *O espello na serán*, Vigo, Galaxia, 1966.

**TM:** *Teatro de máscaras*, Vigo, AA. AA. de Ramón Otero Pedrayo, 1975.

**SN:** *Contos de Santos e Nadal*, Vigo, Galaxia, 1988.

Polo tempo en que Otero e os seus compañeiros de viaxe choutaron as barreiras impostas por unha cultura “allea, falsa e ruín, vulgar e filistea”<sup>1</sup> que lles impedía pousa-los ollos na súa propia terra, a situación lingüística existente en Galicia establecera unha clara división sociolingüística, xa que a cultura, o poder e maila alta posición social identificábanse xeralmente co castelán, mentres que o galego, falado polas clases máis abandonadas pola fortuna, convertérase en elemento distintivo con características totalmente negativas. Non deixa de ser significativo a este respecto, que Castelao, na súa primeira intervención perante o Parlamento do Estado, incida no feito antes sinalado:

“Nuestro idioma gallego debe merecer toda vuestra simpatía, porque es la Lengua del trabajador, del obrero, del artesano, del labriego, del marinero; que fué la Lengua de vasallos y de magnates, y sólo despreciada por esos señoritos cursis y desocupados de las capitales de provincia”<sup>2</sup>.

Deste xeito pois, o emprego de ámbalas dúas linguas en Galicia servía para establecer marcas de distinción social e puña de relevo a interacción existente entre as estruturas sociais e as lingüísticas. Polo tanto, un dos primeiros problemas que se lle presentou a Otero, na súa tentativa de facer do galego escrito unha lingua non diglósica –problema que resolverá con éxito ata o punto de ser considerado hoxe coma un dos creadores da moderna prosa literaria galega–, foi o de creba-la identificación existente entre “lingua galega” e lingua empregada, no exclusivo rexistro oral, polos estratos da sociedade menos favorecidos.

Cómpre sinalar por outra banda, que o galego, como lingua de cultivo literario, decaeu totalmente dende finais do século XV e a súa restauración coma instrumento expresivo non se logrou senón nun serodio romanticismo, comezando de novo a súa andadura no Rexurdimento, mercé sobre todo á aparición de *Cantares gallegos* (1863) de Rosalía de Castro. Pero desta resurrección, coma se o vento da historia trouxese os ecos dunha grandeza pasada, soamente foi testemuño a lírica; na novela e no teatro, o galego a penas tiña recepción.

Non é pertinente xa que logo, falar de anquilosamento dos recursos literarios na prosa anterior ós homes de *Nós*, porque, agás as honrosas creacións que nos chegaron da man de Heraclio Pérez Placer e de Francisco Álvarez de Nóvoa, no dicir de Méndez Ferrín, “verdadeiros puntos basilares da moderna prosa literaria galega”<sup>3</sup>, esta, simplemente, non existía. Por poñer un símil, a súa actitude en nada se asemella á reacción que

<sup>1</sup> Vicente Risco, “Nós, os inadaptados”, *Leria*, Vigo, Galaxia, 1971, p. 70.

<sup>2</sup> “Intervención perante as Cortes Españolas (18-IX-1931)” en *De viva voz. Castelao: Conferencias e Discursos*, ed. de Henrique Monteagudo, Santiago de Compostela, Fundación Castelao, 1996, p. 106.

<sup>3</sup> X. L. Méndez Ferrín, “Novelas en galego”, *Faro de Vigo*, (8-X-1993), p. 2.

os da *Generación del 98* tiveron contra aquela literatura realista, herdeira da Restauración, incapaz de anova-los seus procedementos lingüísticos. Atopáronse pois, cunha lingua literaria que só lles ofrecía unha tradición interrompida durante séculos e carente de clásicos.

Recoñecida tamén por todos, a incompatibilidade estética coa literatura española da época, a peregrinación intelectual cara Europa viuse coma algo necesario e cada un deles iniciou a súa propia busca, dentro da vontade común de europeización. Era mester preme-lo leme con forza para iniciar unha nova singradura e arrecantar certo tipo de servidume intelectual que impedira que a literatura galega saíse da mediocridade e do silencio.

Co lábaro nacionalista por diante, procuraron tamén un profundo cambio ideolóxico para o que será necesario ó mesmo tempo, un cambio estético, e este non será factible senón vai acompañado da creación dun novo instrumento de expresión; por iso, a revolución definitiva, débena levar a cabo na lingua.

Nunha das escasas pero afortunada e valiosísima achega que se teñen feito á lingua empregada polo *Señor de Trasalba*, a profesora Álvarez Blanco salientaba por unha banda, “a complexidade, riqueza e variabilidade lingüísticas do seu galego”, e por outra, “a súa procura desesperada de autenticidade galega no diferencial” amais da súa “liberdade creadora”<sup>4</sup>. Non é precisamente a caracterización do modelo lingüístico oteriano o tema que nos ocupa, pero seméllanos oportuno facer unha breve inflexión sobre un dos puntos mencionados pola devandita estudiosa. En efecto, Otero Pedrayo, consciente e deliberadamente, vai optar por afasta-lo seu medio e modo de expresión do español, aínda que, en realidade, semellante procedemento non é novo na nosa historia literaria. Cabería salienta a este respecto, o esforzo dos *Precursores* e, sobre todo, o incesante labor de Eduardo Pondal, que empeñou a súa vida na procura dunha “lingua de ouro”. Pero, como se dixo antes, tanto a proposta do bergantiñán coma as dos seus ilustres predecesores, soamente no reino de Caliope tiveran acollida favorable.

Cómpre non esquecer así mesmo, a total sintonía do pensamento oteriano co do Risco daquel entón, quen, polo tempo en que se constituíra o grupo, deixou escrito que “Galicia non chegará a ser nada se s’uniformiza co resto da Hespaña”<sup>5</sup>. A lingua non escapa precisamente á consideración risquiana e Otero, sen a penas apoio nos escritos que lle precederon, por seren estes cuantitativamente parcos, partindo do galego popular, rexeitando toda peculiaridade localista e tentando a supresión de todo particularismo dialectal, procurou un afastamento total respecto do castelán, seguindo deste xeito, os mandados do autor de *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*.

<sup>4</sup> Rosario Álvarez Blanco, “Escribir en galego: Otero Pedrayo”, *Otero Pedrayo na revista Nós (1920-1936)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1988, p. 12.

<sup>5</sup> Vicente Risco, *Teoría do nacionalismo galego*, Buenos Aires, Edición Homaxe Cincuentenario da Fundación das Irmandades da Fala, 1966, p. 31.

Con todo, non refugará Otero do castelanismo, que presenta nos seus escritos unha triple orientación:

a) Indicador sociolóxico da categoría da persoa. O feito de optar deliberadamente polo castelanismo, sérvelle ó noso autor para reproducir as interaccións entre estrutura social e lingua, co que o emprego deste é un medio de conseguirla verosimilitude, fiel reflexo da estratificación sociolingüística galega:

“A ela, a aboa, chámanlle a **señora**, e a doña María a **señorita**” (AS, 20).

“Adrián estivera facía pouco na veiramar pontevedresa, con amigos, xente **bien**” (AS, 16). Tam. AS, 9 e 21<sup>6</sup>.

b) Marcador ético da calidade da persoa, sempre con acusadas connotacións negativas:

“Ese *castellano* que chegou a ter collida pol-as gorxas á moita xente de Trasouto” (CV, III, 63).

“Miren *la blanca palomita*. Ten conta muller de non lixar as prumas no estercero” (L, 25).

c) Evocador dunha atmosfera afastada do espírito e idiosincrasia galegos:

“O Paulos nemigo de toda literatura chegou a decramar poemas de Juan de Dios Pesa i-alternar en *juergas* bruantes c’os toreros españoles, sin perder nunca o tino nin separar moito a man da culata da pistola” (VP, II, 99).

“Terceiras que son curros de vecindade en camiño co botixo, a guitarra, os arripíos de «cante jondo» e a grande luz de oasis das estaciós de empalme cheirentas a augardente e café con leite de cabra” (D, 56).

“...maldixo das paixós políticas conducentes a disfrazárense os cabaleiros de «porqué», de «dueñas» da comedia clásica” (SR, 64).

“Non gustaba do «tablado» cañí, nin do montilla, nin do inxenio mantido polas cafeterías” (SR, 90).

“A china acollía ó fidalgo cun mimo de doce sorrir, e uns ledos movementos de gacela choída, nun segundo piso da calle da Montera” (SR, 91).

### 3. O ESTRANXEIRISMO EN OTERO

Admirado polas súas brillantes dotes expresivas como ás veces censurado polo que se consideran os seus “excesos” retóricos e literarios, Otero Pedrayo, na súa tentativa de crear unha lingua literaria, non dubidará en enriquece-la mesma con achegas léxicas de idiomas alleos ó galego. Moitas destas adopcións éranlle necesarias porque designan accións, obxectos e conceptos para os que a nosa lingua carecía do termo preciso. “Meter

<sup>6</sup> A mesma expresión adaptada ó galego atopámola noutro lugar da súa obra: “Un lugués podía alternar cun de Pádua, de Sirmún, de Tréveris, no Foro ou nos Hortos de Salustio. *Xente ben* baixo os Antoninos” (PL, 110).

palabras novas –dixera Unamuno–, es meter novos matices de ideas”. Os préstamos procedentes doutras linguas non resultan xa que logo, reprobables por principio, xa que en moitos casos son simplemente imprescindibles. Pero Otero exerceu unha estricte vixilancia sobre o seu propio uso idiomático, manténdose equidistante entre o purismo exacerbado e o entreguismo mimético.

A modo de inciso cómpre sinalar, que calcos, préstamos e adopcións de formas idiomáticas entre linguas diferentes vén sendo un fenómeno constante. A única lingua inmune ó contaxio sería aquela –máis hipotética ca real–, falada por xentes sen contacto nin relación con ningún outro pobo, recluídas nun ámbito ignoto e inaccesibles para as outras. Tódalas linguas se formaron e evolucionaron unhas a carón das outras, remanecendo abondosas pegadas desta veciñanza. Resulta evidente por outra banda, que a transferencia de palabras dunha lingua a outra, non produce alteracións esenciais, xa que o que verdadeiramente caracteriza a un idioma é a súa morfoloxía e maila súa sintaxe.

Fundamentalmente Otero sérvese máis de palabras illadas e de locucións, aceptadas xa na lingua culta, que de frases enteiras. De tódolos xeitos, e prescindindo de títulos de obras, fragmentos de prosa ou versos soltos que Pedrayo, comunmente, reproduce no respectivo idioma en que foron escritos e mesmo dalgunha frase xa tópica, como sucede con “*Messieurs des Gardes françaises, tirez*” (FV, 68) que Voltaire pon en boca do capitán inglés Charles Hay nos campos de Fontenoy<sup>7</sup> ou con aquela outra de “*Ma foi, messieurs, je crois qu’il n’y a ici de contrabande que moi!*” (FV, 71) coa que o propio Voltaire responde ós axentes de policía de Federico II de Prusia, que lle reclamaban un libro de poemas, escrito, en teoría, polo propio rei<sup>8</sup>, ou coa consabida expresión de Galileo “*E pur si muove*” (FV, 62), por veces deslízanse na súa escrita frases en idiomas alleos ó galego:

“Fumegaba rexo Mr. Murchison pra disimulare a emozón, e sen dúbida lembrando tempos marmulaba: *a fairy and romantique girl*” (ME, 158)

así coma expresións fosilizadas, consagradas xa polo seu longo uso no idioma respectivo: “...o *allegro ma non troppo* das Singer” (CC, 56). Non cabe dúbida de que Otero Pedrayo, tan afeccionado a adobiarlos topónimos, con sumo gusto acollería a expresión “*Isola d’oro, fior di levante*” (FV, 62), coa que no idioma transalpino adoitan referirse a Venecia.

Así mesmo, hai tamén outra expresión italiana que debe ser do agrado do noso autor, xa que volve sobre ela en máis dunha ocasión:

“¿Quén demo trouxo as cuncas? ¿Quén remexeu co cucharón? ¿E cal o primeiro en botar un bó grolo entre peito i espalda? ¡*Chi lo sa!*” (SR, 169).

“DON GUINDO: Non diga a palabra. Podería revoar algún mouro morcego. ¿Teño algunha esperanza de ser merecente...?”

D. ANXELINA (Facéndose a pícara): ¡*Chi lo sa!*” (P, 43).

<sup>7</sup> Voltaire, “Précis du siècle de Louis XV”, *Oeuvres Historiques*, París, Gallimard, 1957, pp. 1380-1381.

<sup>8</sup> G. Lanson, *Histoire de la littérature française*, París, Hachette, 1922, p. 696 e ss.

Dicir por outra banda, que Otero degustará con especial fruición os nomes poéticos ou arcaizantes, fixándose nos valores estéticos das palabras e nas súas implicacións significativas. Non resulta estraño deste xeito, que un fidalgo melancólico, afogado polos pesadelos, faga confidente do seu infortunio a Zacharías Werner no cabaré “La Ressource” e lembre un antigo encontro de entrámbolos dous na pousada “*Au coeur d’or*” (FV, 7), nin que o positivista e republicano Dominico Roturier –o fotógrafo que acompañou ó fidalgo da Reboraina polos países de Extremo Oriente–, poña sobre a porta do seu “peculiar” establecemento marsellés o seguinte rótulo: “*A la gloire de Daguerre et de Laplace*” (SR, 98). Tamén don Xoan Manueliño se embarca en “*La Douce France*” para facerse cargo da súa Embaixada nos reinos de Annam e Siam (SR, 96), do mesmo xeito que o antigo Frei Columbano, visible cabeza agora dunha serie de pintorescos personaxes que abrazaron as ideas dos cuáqueros, arriba de novo ás costas galegas a bordo dun vello barco: o “*Mayflower*” (SR, 164). Nas mentes oterianas para sen dúbida a lembranza daquel barco homónimo que partira de Southampton, un 6 de setembro de 1620 con varios puritanos entre os seus pasaxeiros, arribando ás costas de Nova Inglaterra, o 21 de decembro do mesmo ano, onde fundaron a cidade de Plymouth.

### 3.1. PRECISIÓNS SOBRE O SEU USO

Otero ten clara conciencia de que está empregando elementos léxicos alleos ó galego, de aí que, como norma xeral, os destaque no texto mediante o emprego de cursivas nalgúns casos e de entrecomiñado noutros:

“Eu son Xohán Crisóstomo Mozart *Kapellmeister* de Salzburgo” (TM, 55).

“...o gosto *demodé*, as figuras pintadas vestidas c’un xeito d’outro tempo...” (PL, 223).

“No peito do blasón de Europa fai Borgoña o símbolo, preciso, moceiro, dun «*écusson*»” (ES, 353).

“...aquele «*pizzicato*» e «*apassionato*» de Neira de Mosquera «Santiago visto desde la torre del Reloj»” (ES, 17).

Con todo, esta conciencia desaparece cando a palabra estranxeira gozaba de grande predicamento e tiña xa unha ampla difusión; nestes casos, o estranxeirismo queda integrado totalmente no texto sen ningún tipo de realce:

“Adrián cânsa, queimado pol’o sol, fuma no hall” (AS, 79).

“O sonado cabaret «La Ressource» estaba deserto naquila hora da serán” (FV, 7).

“D. Antonio de frac e sombreiro de copa...” (CV, II, 14).

De tódolos xeitos non se mostra Otero moi coherente respecto de apoñer algún tipo de sinal ó termo estranxeiro e, de detérmonos con certa morosidade sobre as páxinas da súa vizosa obra, non resultará difícil de comprobar como un mesmo elemento léxico aparece

“marcado” ou “espido” sen que medie razón de ningún tipo para tal elección; é máis, unha mesma das súas creacións, chega a converterse nun fidedigno espello reflector da arbitrariedade oteriana neste senso concreto. Así sucede, por exemplo en *Fra Venero*:

“Botou outra copiña de augardente sen poder esquencer a trasmutación dos severos bosques feudaes na vileza burguesa dos «thalers» –Ouro– valente volgaridá” (8).

“...pagando a conta en thalers noviños deixouse levar por Werner â rúa” (14).

“Ruxían os derradeiros «thalers» no bulso” (15).

“Tivo a obra longa resoanza e diu ao autor porveito en soantes thalers que Yffland, o impresario non regateaba” (88).

ou en *Pelerinaxes*, onde mesmo chega a troca-la acentuación do termo:

“O grande vento afiado en todol-os cumes do sul, deita o *maquis* da montana” (30).

“Por Lamas da Aguada o paisaxe de maquis outo mistúrase con parques de carballos e bidos” (31).

“Un maquis de toxeiros, de xestas e sobretodo de uces e *ericas* viste homildoso os montes” (183).

“O monte co penitente *maquis* de que se viste...” (207).

Aínda que na maioría das ocasións Otero se inclina por reflecti-la forma estranxeira dun xeito literal, por veces e pese ó seu manifesto anticastelanismo, esta, nunha sorte de harmónica convivencia, vai alternar na súa escrita coa adaptación que dela se fixo ó español. Así, a carón de termos como *dandy*, *boulevard/boulevards*, *frac* –rexistrado xa no castelán– e *champagne*:

“Os primeiros orguloso como un dandy, nin xiquer ollóu ó seu mestre” (SR, 31)

“...diant’ a vidreira do café do Boulevard” (VP, II, 99).

“...paseiaba un misterio interior polos boulevards brilantes” (VP, III, 114).

“...petimetres de frac azul e outo corbatín” (FV, 8).

“Don Xoan Manuel embarcóu champagne...” (SR, 96).

atopámonos con *dandi*, *bulevares*, *fraque* e *champán* ou *champaña*, este último alternando con *champagne* na mesma páxina dunha das súas obras:

“Algús estudantes dandies levaban â boca o puño do bastón e puñan os ollos en branco” (CV, III, 76).

“...rañaríanse as peles envexosas dos dandys nos bulevares...” (SR, 116).

“Os diplomáticos aturaban todas as fantasías de Don Xoan Manueliño, recoñecín nil un verdadeiro fidalgo, e brindaban co seu champán” (SR, 105).

“Dispararon os champañas súa artillería con chafarices e xogos de fontes de Versailles” (SN, 76).

“...e todas as cousas andaban ceibes en carnaval brillante, rexidas ós tempos polos taponzos do champagne...” (SN, 76).

Si hai veces que temos que supor a Otero plenamente consciente da súa elección, entre o barbarismo adaptado (*coñac*) e o recollido no seu estado puro (*cognac*), inclinándose pola segunda opción, para referirse, exclusivamente, ó licor de orixe francesa:

“...mozos labregos que veñen a facturar e mareianse c’o coñac sedimentoso...” (PL, 131).

“Un viaxante de acento mollado polo «Tío Pepe» e o coñac...” (D, 56).

“Pola tarde bebía coñac sin tasa...” (VP, II, 99).

“...pálidas chamas de auroras boreais invitaron ós coñacs...” (SN, 76).

“...agardaba polo frasco de bon cognac francés...” (ES, 52).

“O home asulagaba en viño hespañol i en cognac francés, o seu proceso diplomático” (SR, 92).

En ocasións e sen que poidamos apreciar matiz estilístico de ningún tipo, o estranxeirismo preséntasenos baixo formas idiomáticas diferentes. Deste xeito, o galicismo *thé*:

“...recendentes construciós de sacos de café, de thé, de cacao...” (AS, 136).

“Puxo cortinas semeadas de froles de thé” (SR, 143).

“...bebendo liturxicamente o seu thé” (FV, 35).

alterna co lusismo *chá*:

“Xa remataba o noso héroe a segunda taciña de chá...” (SR, 103).

da mesma forma que o anglicismo *rum* atopámolo, xa adaptado ó francés:

“Eiqué, n’iste coarto os prodoitos coloniás volven ô seu prestixio lonxano de cando o azucre custaba moito e as barricas do *rum* milloraban e criaban demos negros no viaxe trasatlántico, na panza dos veleiros” (PL, 119).

“...barricas enteiras de rum da Compañía das Indias” (ME, 142).

“¡Bote ise vaso de Rum!...” (SR, 33).

“...diulle moi boas palabras, pra outra ves e xuntos debullaren nus canecos de rum” (SR, 39).

“...naceron os dous partidos co gallo duns canecos de rum e augardente” (SR, 135).

“A barrica de quente rum da Compañía das Indias fará as funcións de xués” (FV, 19).

“...un barril de rum...” (FV, 31).

xa ó español:

“...il corría cos mollos de puros, os «palitos de ron», como decía o militar ben queimado no trópico...” (ES, 53)

e mesmo con grafías anómalas nesta última lingua, empregadas quizais cun propósito diferencialista, por coincidi-la adaptación do estranxeirismo en galego e en español:

“...as botellas tráxicas, de borracheira de pesadelo i-asesinato do rhón...” (CC, 7).

“Non son as pequenas tendas d’aldea onde se fai opinión e se demoran as xentes c’un regusto de folga ollando pr’algunha ilustre botella de rón ou pr’a compostiña botella do anís escarchado” (PL, 76).

Cómpre anotar a este respecto, que a ortografía coa que Otero transcribe os estranxeirismos, posiblemente para facelos aínda máis exóticos, non sempre é a ortodoxa na lingua da que os extrae. Deste xeito en troques de *wagon*, *viking* ou *revolver*, é corrente



topármonos con *wagón*, *wiking* e *rewolver*<sup>9</sup>:

“...puido considerar como lle decía jadeus! dende un wagón de terceira...” (SR, 96). Tam., AS, 7 e 99; D, 55.

“Nas sextas perfeccionábase no uso do rewolver...” (VP, II, 97). Tam., VP, II, 97.

“Eu son un wiking...” (FV, 13). Tam., FV, 22, 38, 51, 63, 83 e 102; AS, 111; PL, 152; RG, 205.

Á marxe dalgúns *lapsus calami*, enormemente frecuentes en toda a súa obra –*cocktail* (AS, 23 e 25), *expres* (VP, II, 99) no lugar de *cocktail* e *express*–, podemos apreciar diversos erros na translación dos estranxeirismos á súa escrita, motivados sobre todo, por estrañas formacións de plural, emprego do plural no canto do singular e anómalas concordancias entre substantivo e adxectivo<sup>10</sup>. Sinalamos a continuación algunhas destas incorreccións, anotando entre parénteses a forma correcta:

“O XIX empeza en Compostela co gallopar dos húsares napoleónicos e a elegancia militar dos «voltigers» (*voltigeurs*)” (ES, 45).

“Era dificultoso maxinárese ao grande místico, xa velliño, no Londres de 1770, como un gentlemen (*gentleman*) un pouco ao modo crerical...” (FV, 35).

“En troques, ô remate, alapeaba a tristeira realidade do coarto unha tortilla ô ron. *Omelette flamboyant* (*omelette flamboyante*) que lembra luxos de café na meia bohemia mais ou menos diletantista d’outros tempos en todos nós” (PL, 118-119).

“Na moitedume cosmopolita Adrián era un pouco mostrado pol’a marquesa coma «le fière espagnol» (*le fier espagnol*)” (AS, 118).

“No Negociado da Morte e Bufete das Mensaxerías e «Chargueurs Réunies» (*Chargueurs Reunis*) do pasamento, non tiñan caixas de piñeiro sen pintar” (SN, 15).

“...un tipo de fidalgo francés, eisilado mais non vingativo, de naturalista poeta, danzal, cortesía de «Ancienne Regime» (*Ancien Régime*) e degaro romántico...” (FV, 81).

Non deixa de resultar rechamante por outra banda, que Otero Pedrayo, nunha sorte de digresión lingüística, por veces pretenda xustificar ou recomenda-la conveniencia do uso do estranxeirismo:

“1794. Está mellor dito en francés: quatre-vingt-quatorze” (FV, 77).

“Estarei *demodé* pensaba Adrián. Tamén â sua idade era *demodé* (tampouco s’usaba xa a palabra) facer oposicións” (AS, 14).

“Nos espellos do café Pedrochi de Pádua (está millor Padova, un aire de danza) non tén aínda ren de faguer a sonda psicolóxica da oceanografía dos cafés” (FV, 61).

A este respecto convén non esquecer, que, para incisivos variados, o noso autor acode ó uso da paréntese, entre a que adoita pechar algunhas das súas máis substanciaosas observacións.

<sup>9</sup> Grafado *rewolver* aparece xa documentado en español en 1875. (vid. Emilio Lorenzo, *Anglicismos hispánicos*, Madrid, Gredos, 1996, p. 373).

<sup>10</sup> A vulgar polo título do capítulo IV de *Fra Vernero* –“*Ein sturtzes Scholoss...*”–, supoñemos que Otero non era demasiado experto no manexo da lingua alemana. “*Ein eingestürztes Schlob*” sería a correcta traducción do galego “un castelo derruido”.

Apuntabamos no preámbulo do presente estudio, que o propósito fundamental de Otero era o de crear unha lingua de cultura, apta para calquera xénero e temática. O seu traballo, como sinala a profesora Álvarez Blanco, era un labor de “recolleita e de recuperación, pero tamén era un traballo de creación lingüística”<sup>11</sup>. Otero en efecto, propendeu a formar palabras novas a partir dos diferentes elementos léxicos que coñecía e usaba ou ben lles deu a estes novas acepcións.

Dalgún xeito a tendencia a innovar pode considerarse coma unha condición do escritor, debido ó feito de que non está na súa consideración cataloga-la linguaxe coma un simple produto que debe transmitirnos intacto, senón coma unha sorte de recipiente no que debe verter experiencias de toda índole, co propósito de ampliálo e enriquecelo. Neste senso, Pedrayo creará un instrumento lingüístico específico, recorrendo, cando o xulga oportuno, á formación de *neoloxismos*. Pero o seu caso non é o do escritor nunha lingua normalizada; este acode ó neoloxismo, ó ver que a lingua herdada se anquilosa e petrifica e, para non ver coutada a súa expresión, vai máis aló dos significados habituais e coñecidos a fin de infundir un novo contido a vellas palabras xa gastadas. Otero pola contra, ten crear unha canle pola que discorra un regueiro que antes tampouco existía.

Non é este o lugar para falar dos neoloxismos oterianos, pero si cremos pertinente sinalar algunhas creacións lingüísticas do ourensán, tomando o estranxeirismo coma elemento basilar. Así, sobre o italianismo *ariolar* “adiviñar” ou sobre *ariolo* “adiviño, agoireiro”, Otero forma *arioladas*:

“Por baixo viñan as resistencias dos cardeales inritados por arioladas de etiqueta” (RG, 223).

da mesma maneira que do galicismo *sapín* “abeto”, idea a adaptación *sapiños*:

“Coroaban a outura os sorridores sapiños de homildosa frouma” (RG, 156).

Se os exemplos anteditos constitúen unha clara mostra de neoloxismos formais, de verdadeiro neoloxismo semántico hai que cualifica-lo uso do americanismo *che* nalgúns lugares da súa escrita, por presentar este un risco diacrónico de novidade no significado, permanecendo inalterable o seu significante. Otero sérvese deste americanismo característico do Río da Prata, para referirse, de xeito despectivo, a un tipo de xentes enriquecidas na emigración, cunha actitude, polo xeral, de rexeitamento perante o galego, que aspiraban ó ascenso social pero que carecían das formas de educación propias da clase á que querían integrarse:

“...as pretensións dos mozos *ches*, que por vir con sombreiro de palla e catorce mil réas no bolso xa se estreven a falarlle de amor ás señoritas do pazo” (D, 31).

“O CANALEGAS, un *ché* do que se fala” (L, 3).

“Vai tendo a feitura dun tempo masónico de pouco presuposto maxinado por un *ché* parvo” (PL, 24).

<sup>11</sup> Vid. Rosario Álvarez, *op. cit.*, p. 19.

“Con ter espírito *ché*, a monumentalidade natural do pobo disimúla de tal maneira que chega a ser unha cousa seria” (PL, 80-81).

“Na berlina dúas parexas de *chés*. Un noxo. Hai que domiñarse non pouco pra entender os *chés*” (PL, 105).

“Unha das parexas seriedade cuáseque respetable, outra xa leva nos ollos os puños d’area da longa noite hastra Madrí. Figuran *chés*, deben ir de criados de casa grande. Non falan nin s’intresan por ren” (PL, 105-106).

“Palco de música; redondo, de pedra, con barandal, honra d’algún alcalde ou d’algún *ché*” (PL, 127).

“Deseguida deixamos atrás as aceras lixadas, e a casa de *chaflán* c’o grande ovo de Páscoa decorativo que puxo na cima algún *ché* parvo” (PL, 136).

### 3.2. Función estilística

O emprego de estranxeirismos na obra de calquera autor, debe ser considerado coma un risco de estilo, coma un medio de conseguila veracidade lingüística, tanto dos personaxes coma do marco da acción. Fundamentalmente, dúas son as súas funcións: evocación e creación da color local e caracterización dos personaxes.

Unha das peculiaridades máis visibles da obra de don Ramón vén se-la asimilación e case completa dependencia que se establece entre o tema e mailos medios lingüísticos empregados, de tal xeito que, agás en contados casos nos que existan outras motivacións de tipo estilístico ou funcional, rara vez fai uso do estranxeirismo en obras ou pasaxes que teñen a Galicia como marco e si o fai dentro de contextos ou descrições de personaxes desvinculados con ela. Otero describe un ambiente e escolle un estilo axeitado á súa historia, que sirva para vehicula-los acontecementos e para transmiti-los mesmos.

Os estranxeirismos, verdadeiros elementos evocadores de diversos ámbitos foráneos, teñen sobre todo cabida na súa obra narrativa, cando a acción da mesma se desenvolve fóra dos eidos patrios, pero cómpre dicir que moitos deles se incorporan de forma definitiva ó vocabulario oteriano e aparecen asimilados en obras de ambientes moi afastados entre si. Con todo, é máis frecuente o termo foráneo naquelas obras ou episodios que se localizan no estranxeiro, onde a ambientación require por si mesma, o uso de palabras doutra lingua. Así acontece en certos pasaxes das narracións “Vidas non paralelas”, *Os camiños da vida*, *Arredor de sí*, *Fra Verner*, *A romeiría de Gelmírez*, *O mesón dos ermos* ou *O señorito da Reboraina*, que, parcialmente, teñen localizadas as súas respectivas accións en América, Irlanda, Alemaña, Francia, Italia, Inglaterra e Portugal e nas que se intercalan con asiduidade voces dos seus idiomas respectivos. Neste tipo de obras presenciamos unha mestura de elementos léxicos de moi diversa procedencia, sen que a acumulación dos mesmos prexudique á claridade e viveza da narración. Con esta indiscriminada maridaxe, Otero non pretende máis que dar unha visión da realidade lingüística existente, segundo transcorra a acción neste ou naqueloutro país, posuidores de linguas, evidentemente, diferentes da nosa.

Pero se o estranxeirismo cobra unha notable relevancia lingüística ó remitirnos a un ambiente de realidades concretas, non cumpre a función de caracterizar ós personaxes.

O léxico foráneo vai actuar como único medio de vincula-lo personaxe co seu entorno e endexamais servirá de elemento caracterizador para unha clasificación tipolóxica.

É mester salientar que os personaxes de don Ramón, aínda que ás veces teñan voz propia e falen nas máis variadas circunstancias e formas –conversas cortadas, case monosilábicas ou longos parrafeos; soliloquios ou discursos perante un auditorio atónico–, maiormente vai se-lo narrador quen fale, identificándose, iso si, cos seus personaxes nos seus respectivos modos de elocución. Será el xa que logo, quen nos indique a lingua na que se expresan aqueles:

“...e chegando a Mad. de Staël con movementos de marioneta dixo en francés das silveiras istas verbas: «Señora, son profesor de amor»” (*FV*, 110).

“«–Levareite alá», faláballe o fidalgo nun francés de colexio, «con tal que me franquees o bico aniñado nises beizos...»

Ela, en francés semellante, prometía entromedio de luxosas e mainas metáforas: «Sí, a condición de levarme, e ademáis de facer a carreira de lexista e conseguire o meu divorcio...»” (*SR*, 92).

Case nunca un personaxe non galego fala na lingua propia do seu país de orixe; con todo, temos rexistrado un mínimo diálogo que manteñen dúas mulleres portuguesas, nun idioma que aínda non sendo o portugués, certas características gráficas que presentan algunhas palabras, aproxímano ó da nación irmá:

“Foi pra o reisiño, a homaxe das nais do Minho portugués...”

–«O noso fidalguiño ha casar ca morgadinha do Paço de Arcos de Caminha».

–«¿E non será un menino da Corte fuxidía do noso Don Sebastián?»” (*SR*, 22).

É sabido por outra banda, que autores de tódalas épocas e latitudes, colocaron en boca dalgúns dos seus personaxes, termos alleos ás respectivas linguas destes, co único de fin de provoca-la comicidade. En Galicia, Vilar Ponte, Castelao e Fole entre outros, en máis dunha ocasión, fixeron falar ás súas criaturas de ficción nunha lingua acastrada co gallo de suscita-la vis cómica. Nada disto sucede en Otero, xa que, aínda que os seus personaxes pertencen a capas sociais e culturas diferentes, rara vez acomoda a linguaxe a cada personalidade, quedando polo tanto ausente o estranxeirismo de calquera tipo de caracterización. Con todo, e por presentaren certos riscos ridículos e grotescos, Pedrayo botará ás veces man do estranxeirismo para nomear a algún dos seus personaxes: *Mr. Le Marquis à la Jambe d’or* (*TM*, 56).

Anotaremos, finalmente, que o emprego do estranxeirismo, vaille dar pé nalgún momento, para facer unha sorte de xogo humorístico. Deteñámonos neste fragmento de *Pelerinaxes* no que se recollen as impresións do viaxeiro Otero acerca dun hotel radicado na vila luguesa de Monterroso:

“No comedor do Palas ou *Palace* as mesas figuran agardar que unha grande ou todas elas engadidas sirvan de xuntanza no centro a unha boa reunión de cregos ou señoretas” (80).

Pero este hotel, segundo se suxería con anterioridade, o autor dubida se debería o seu nome ó anglicismo *Palace*, termo usual para denominar este tipo de establecementos, ou se pola contra, existía outra motivación que explicase o por que de semellante denominación:

“O *Hotel Palas* erguíase noviño c’as derradeiras luces da vila. Pol-a noite non’os fixamos n’il. Somentes se pensóu si debería o nome a sua situazón no arranque da carretera de Palas” (62).

#### 4. REPERTORIO DE ESTRANXEIRISMOS

Os estranxeirismos máis frecuentes na obra de Otero Pedrayo están case todos eles incorporados á lingua usual; na súa maior parte, tomaron carta de natureza no noso idioma e calquera persoa, cun nivel de cultura non moi elevado, ten pleno coñecemento dos mesmos. A maioría pertencen ó mundo da ornamentación, culinario, do espectáculo ou do deporte, aínda que tamén os hai adscritos ós campos máis heteroxéneos.

Fundamentalmente proceden do francés e, en menor medida, do inglés, italiano, portugués e alemán, rexistrándose, esporadicamente, algunha que outra contribución do catalán. Mención especial merecen os americanismos neste relato do estranxeirismo léxico, que non ten a pretensión de ser exhaustivo. Reseñamos a continuación os estranxeirismos máis comúns na obra de Otero Pedrayo, quedando á marxe os que xa figuran documentados no presente estudo.

##### 4.1. Galicismos

- Affaires*, “asuntos, negocios”: “Un home de «affaires» dos soportás da calle de Toledo” (SR, 96).
- A Franchuta*, “á francesa”: “En Madrid tiñan laponeado moitas veces xuntos, máis en pousadas dos barrios baixos que nos hoteles «á Franchuta»” (SR, 155).
- Amer*, “amargo”: “...degustando o *amer picon*...” (SR, 99).
- À rebours*, “a contraño”: “Tamén os fillos viven *à rebours* grandes anacos d’hourizontes e pequenas paisaxes do vivir dos pais” (AS, 12).
- Au bon marché*, “a bo prezo, barato”: “Era xornaleira, de todo tempo, a feira naquilas rúas estrambicadas, cheirando a fritangos e augardentes, a cosméticos baratos e cambras de amores «au bon marche», ou a rexas paixós de alcohol e mulleres” (SR, 97).
- Auroch*, “uro, auroch”: “Soio me pon medo o auroch xigante” (RG, 230). Tam., D, 45.
- Ballet*, “ballet”: “...dimos ca siñificanza do fondo do «ballet» ártico...” (ES, 307).
- Beau parler*, “fermosa fala”: “...disfroi da belida fala que chaman «beau parler» estimada dos francos como foi dos antigos galos” (RG, 215).
- Bivac (sic)*, “campamento militar, bivaque”: “...cabalgaban os severos soldados da Revoluzón feitos Mariscaes xogando no bivac o botín da Europa” (FV, 60).
- Bock*, “xerra de cervexa”: “O grande bock de cerveza negra (o ensoño dos neokantistas españois) tiña na chemineia unha pudibundeza teolóxica” (AS, 123). Tam., FV, 10 e 32.
- Boeuf a la mode*, “estufado de vaca”: “...debullando «boeuf a la mode» e caviar moscovita, confesóu ó embaixador o dobre ouxeto do seu viaxe” (SR, 99).

*Boudoirs*, “salonciños íntimos”: “E decatábase de máis, dun recendo máis propio dos «boudoirs» abafados das rúas de trangallada de Marsella, que dos verdes e cristaiños pazos das seréas” (SR, 101).

*Bouquet*, 1. “ramiño de flores”: As vendedoras ofrecían bouquets de acianos, e de cravos” (AS, 45). Tam., AS, 110 e 115. /2. “aroma, recendo”: “No fondo do cesto de verdore está acochadiño o bouquet da leenda da cidade” (PL, 223). Tam., FV, 98.

*Buffet*, “bufete”: “Despois de tomar todos un folgo no buffet... (TM, 49).

*Carrick*, “prenda de abrigo, con varias capelas escalonadas”: “...non soupo quen era o home rasurado, de carrick inorme, e o sombreiro de estesas abas apendelladas deica os hombreiros” (SR, 81). Tam., CV, I, 138; CV, III, 9; ES, 199, 205 e 329; SR, 30.

*Clerc*, “clérigo, sabio”: “Saber de poetas, de illados, de estudantes e clerics da noite e das soedás” (ES, 19). Tam., D, 122; RG, 6, 105, 164, 184, 210, 232, 248, 259 e 267. /*Clerguesa*: “Sábese a Morte en Compostela infanzona e maorazga, prioira e raiña. E tamén –decorre moita xuventude polas canles das augas– sábese «clerguesa»” (ES, 350).

*Complot*, “conspiración, complot”: “...o libro vencedor pol’o menos do complot d’us cantos anos...” (AS, 125).

*Couplet*, “cuplé”: “...comisionistas cantarruxando anacos de *couplets* destinxidos...” (CC, 9).

*Course*, “carreira”: “París en moito tempo recollía os meridianos como as bridas da cuádriga europea, da *course* mundial” (AS, 103).

*Chaflán*, “chafrán”: “Deseguida deixamos atrás as aceras lixadas, e a casa de *chaflán*...” (PL, 136).

*Chaise-longue*, “butaca con respaldo e asento alongado”: “...e de seguida calcou coas mans, como para lle dar consistencia ó mendiño, sobre un sofá ou *chaise-longue* que sacou de dentro...” (SN, 16).

*Chambelán*, “camarlengo”: “¡O fotógrafo e chambelán do embaixador das Hespañas...” (SR, 98).

*Chateau d’eau*, “arca de auga”: “Os camiños anchos van a modo pol-o chao rico d’augas. A terra dá iso: a impresón d’unha criazón de regueiros, un *chateau d’eau* en conxunto, pr’as comarcas máis baixas” (PL, 31).

*Chauffer*, “chofer”: “Falóu o vigairo algunha vegada co seu amigo o *chauffer*” (VC, 92).

*Chubesky*, “chubesqui”: “...pra que se enxoitase no fogo do chubesky, invención moderna boa pra queimar as cepas doentes de oidium das viñas murchas do Escribente da Sociedá” (CC, 62).

*Demimondaine (sic)*, “muller frívola”: “As demimondaines deitaban a testa valeira recibindo a benzón das mans disformes do Mestre” (AS, 122).

*Elan*, “pulo, impulso”: “Sentir o decorrer, o devenir, o *elan*, os graos da perfeizón, etc., é propio das filosofías ceibes, maxinativas, sentimentás” (PL, 164).

*Flanear*, “andar sen destino”: “Flaneando c’o amigo vía pasar unha muller qu’il amara” (AS, 15). Tam., PL, 181.

*Frú-frú*, “frufrú, rozo”: “Unha mañán de sol entraron pol-os arredores do Hespital *frú-frús* de saias e finos arumes de muller” (CV, III, 111).

*Gauche*, “esquerda”: “...voltaría axiña a París de pasante n’un colexio da orella *gauche*” (CV, III, 11).

*Gave*, “torrente pirenaico”: “...encol do «gave» de craras augas, agardaba outra cabalgada de cabaleiros...” (RG, 165).

*Grand Siècle*, “século XVII francés”: “Dise que o academismo Grand Siècle non se decatava da paisaxe” (AS, 103).

*Grillé*, “tostado, asado”: “Na mesa do pazo alternaban os rodaballos «grillés» co boi á moda inglesa...” (SR, 161). Tam., ES, 53.

*Gro*, “tecido de seda”: “...unha d’aquelas donas pequeneiras, pretenciosas, beatas, amigas da sociedá, do século pasado, que envoltas en gabás e traxes de *gro* non tiña apenas anacos de cara e maus libres pra se lavare” (PL, 178). Tam., ME, 160.

*Grognard*, “soldado veterano”: “Figuraban lexionarios de Paulos Aemilius os «grognards» meteorizados pol-o sol das Pirámides...” (FV, 60).

- Hallali*, “toque de acoso”: “O hallali na casa dos Doncos” (CV, I, 95).
- Haut de forme*, “sombreiro de copa, chistera”: “¡O fotógrafo e chambelán do embaixador das Hespañas, ten de levar chaqué e sombreiro «haut de forme!»” (SR, 98).
- Hotel de Ville*, “casa do concello”: “En ningures o *Hotel de Ville* loce tanto coma na fermosa praza reutangular que pecha os fatos de bariles arboredos coma no patio ou no craustro da cidade” (PL, 109).
- Juste milieu*, “xusto medio”: “Enxamáis vestíu con atal solemnidade o carrick parlamentario e «juste milieu» o fidalgo” (SR, 30).
- Logis*, “pousada, aloxamento”: “As casas outas, de forte canteiría, coadradas, son doadas pra gastar no *logis* moitas horas da vida” (PL, 42).
- Madamiña*, “señora”: “...algunhas madamiñas ben postas curtaban adrede un ramallo de xasmin cando il pasaba” (CV, II, 13-14).
- Madamita*, 1. “dona un tanto afectada”: “...elas educaríante como unha madamita, de mírame e non me toques, sempre no estrado ou na novena” (CV, I, 136). 2. “afeminado”: “Isto é bon pra mediquiños madamitas e pra doentes de alfeñique” (TM, 42).
- Mademoiselle*, “señorita”: “Entusiasmado faille unha declaración á vella solteirona mademoiselle Apoplexía” (TM, 48).
- Manate*, “campesíño rudo”: “Ay, Vences, Vences, o bicho, o manate, tiveches un día malo no teu ano de setenta e tantos” (L, 33).
- Mandchú*, “manchú”: “Xa reloucaba por rubir no alifante branco, ou ser levado por cabaliños mandchús a un pazo das Milleiro de noites e unha” (SR, 103). Tam., SR, 92.
- Manoir*, “casa nativa”: “...e presentouse como Girardo de Brive ofrecendo alouxamento no seu «manoir» apenas desviado unha hora de camiño” (RG, 197).
- Minué*, “minueto”: “...e nos espaciados salós desenrolábase a gracia do *minué* en xiros de ridual elegancia” (CV, I, 14). Tam., CC, 25.
- Mosiú*, “mozo”: “Entón sí que Don Xoan Manuel choutou co xenio, e por pouco non afoga ó «mosiú» fotógrafo” (SR, 101).
- Outillage*, “ferramentas, apeiros”: “C’us aforros estivo na Alemania das maravillosas clínicas, do imperial «Outillage» incomparabre” (VP, III, 114).
- Overture*, “obertura”: “Rematábase o primeiro pitillo do día. Ise pitillo que nos esperta por concreto e nos mete no vivir autivo, tudo feito de usanzas. E un pitillo preludio *overture*” (EN, 5). Tam., AS, 50.
- Parisien*, “parisiense”: “Xuliano. O primeiro *parisien*” (AS, 107). Tam., CV, III, 6).
- Parvis*, “praza, adro”: “No «Parvis» veciños i extranxeiros falaban e comerciaban arredor das mesas dos tendeiros” (RG, 39).
- Pas encore*, “aínda non”: “Madrí... aínda non é unha capital europea, **pas encore**” (AS, 14).
- Pelouse do tennis*, “campo de tenis”: “Fora da **pelouse** do **tennis**, espallábase o mundo pechado, estrano, inqueda de dos labregos e mariñeiros” (AS, 16).
- Le petit collete*, “eclesiástico”: “...il soio tiña as ordes menores, o que chaman na Francia «le petit collete»...” (SR, 181).
- Posse (sic)*, “pose, postura”: “...pra non adoitar unha *posse* romántica” (CV, III, 111). Tam., AS, 118.
- Preux*, “valente, home de pró”: “Mais fallaba a derradeira proba pra o destemido e atromentado «preux»...” (RG, 206).
- Ralentí*, “ralentí, marcha lenta do motor”: “...vanse desenvolvendo co *ralentí* dunha fita vella de cinema” (D, 56).
- Rendivú*, “agasallo, reverencia”: “...iste can sinte saudade do sofá e das butacas, que se fan *rendivú* coma si cambiaran tomas de rapé” (PL, 38).
- Restaurant*, “restaurante”: “Estaría condenado a mesa do restaurant da chamada cultura cosmopolita” (AS, 125). Tam., AS, 24; ES, 48).

*Revenant*, “aparecido, espectro”: “Os veciños berraban: Xa saíu o revenant...Pídelles novas do inferno” (*FV*, 28).

*Rue*, “rúa”: “En Saint-Maló acougamos nunha casaña, rue d’Enfer...” (*CV*, III, 11).

*Slavo/slava*, “eslavo/eslava”: “Máis a razón geométrica francesa endexamais fixera lei na vontade slava do fidalgo” (*FV*, 8). Tam., *FV*, 13, 45, 57, 79 e 135; *AS*, 128.

*Slovaco*, “eslovaco”: “...slovacos portando polo fuciño osos negros...” (*FV*, 10).

*Surnois (sic)*, “hipócrita, retranqueiro”: “O embaixador decía que era un caraiter «surnois»” (*SR*, 100).

*Tête hardie*, “intrépido, ousado”: “...Raoul de Montpeiroux é chamado «Tête hardie» e nin o sagrado respeita” (*RG*, 184).

*Toilette*, “aseo”: “Xa no Hotel a silueta de Florinda coidadosa da toilette no coarto de baño...” (*AS*, 123).

*Trottoir*, “beirarrúa”: “Figuraba coller o trottoir pra seguir ô Palais Bourbon” (*AS*, 105).

*Trouvaille*, “achado, descuberta”: “...coidaban qu’ela acariñaba o malencóneco español com’unha «trouvaille» rara n’istes tempos” (*AS*, 119).

*Zigano*, “xitano”: “...violíns de tziganos...” (*FV*, 9). Tam., *FV*, 10 e 15.

*Vedette*, “vedete”: “As vedettes fixéronlle propaganda” (*VC*, 43).

*Vermouth*, “vermú”: “A mañán vai rubindo traballosamente dend’o café con media tostada hastra o vermuth” (*AS*, 11).

## 4.2. Anglicismos

*Auto-car*, “autocar”: “Viveiro-Mondoñedo-Lugo-Ourense. O título de viaxe como en auto-car” (*PL*, 232).

*Bistek*, “bisté”: “O libro bistek, o libro bombón, o libro sopa de rabo de boi, densa e fonda, o libro froita do tempo, o libro mostaza...” (*AS*, 47).

*Block*, “caderno”: “O Arqueólogo apunta o nome n’un *block* de notas” (*L*, 16). Tam., *L*, 13.

*Cant*, “hipocrísia”: “...lonxe do «cant» puritano cravuñador de follas bíblicas nos verdes parques do New England” (*D*, 98).

*Club*, “club”: “...e tamén soñaba cecáis en discípulo de Rousseau, cos mundos da Edade de Ouro nos estudos crásicos sospeitada e aínda pra lediza dos poetas defendida da democraza e dos Clubs pol-as foulas do infindo Pacífico nas illas” (*FV*, 83). Tam., *FV*, 88; *CV*, III, 9.

*Cocktail*, “cóctel”: “Deixáime vivir como bohemio de hoteles, collendo a cultura e a vida a gula-ños de cocktail” (*TM*, 104). Tam., *TM*, 77, 78 e 100; *AS*, 106 e 124.

*Cottage*, “casa de campo, cabana”: “...encheron de sonatas alemás a rusticidade pretenzosa dos seus «cottages»” (*D*, 98-99).

*Dancing*, “baile público, sala de baile”: “¿Sería posible qu’o esforzo secular dos homes soilo callara na sociedade dos express, dos Palas e dos Dancings?” (*AS*, 124). Tam., *AS*, 118.

*Decán*, “decano”: “o decán de Yellow-Stone” (*SR*, 86).

*Dining car*, “vagón restaurante”: “Maus de terceira asustan ás limpas mesas do «Dining car»...” (*AS*, 9).

*Earl*, “conde”: “A miña señora i herdeira do señorío de Rock-Hull precisa correspondere ca mesma curtesía na terra inglesa, ó tratamento de que foi ouxeto por o «earl» da Reboraina na súa terra hespañola” (*SR*, 86). Tam., *RG*, 49.

*Express*, “expreso, tren de pasaxeiros con poucas paradas”: “E colleron o express de Colonia com’unha fuga ceibadora” (*AS*, 120). Tam., *AS*, 124.

*¡Farewell!*, “¡Adeus!, ¡vai con Deus!”, “¡Farewell!... Se volves con trunfo, o coro de bulras ha ser de gabanzas...” (*SN*, 24).

*Farwest (sic)*, “arredado oeste”: “Un pouco de peisaxe de esprotación forestal, sempre animador e xoven, apesares do Farwest do Cine” (*PL*, 20).

*Fellow*, “compañeiro”: “...fellows das Universidades...” (*D*, 99).

*Foot-ball*, “fútbol”: “...non perderían nas cidades os partidos de foot-ball” (*AS*, 89). Tam., *TM*, 43.



- Groom*, “mozo de cabalos”: “O fidalguiño no seu papel de groom, andivo moi de pelras ca criada churrusqueira” (SR, 43).
- Iceberg*, “iceberg”: “A grande pureza polar do norte –auroras, icebergs, paraselenes...” (AS, 129).
- Interview*, “entrevista”: “Xa lle faremos unha interview pra un xornal” (TM, 109).
- Jungle*, “selva, bosque”: “...o espertar da besta no «jungle»...” (AS, 125).
- Leghis*, “polainas de coiro”: “Home de meia idade con leghis e sombreiro de palla...” (L, 13).
- Mac-ferlán*, “macferlan, gabán sen mangas”: “Mac-ferlán, espanta-paxaros, d’ unha cor de estercero mollado...” (CC, 57).
- Magazin*, “almacén”: “...prantaron na millor rúa de México un grande magazin de modas e xoias” (VP, II, 99). Tam., AS, 116.
- Moor*, “páramo”: “...o espellar da lúa na i-auga dos moors” (CV, II, 66). Tam., CV, III, 13.
- Portland*, “certa sorte de cemento”: “O frío acugúlase na peza deserta con chán de portland, mais propio d’almacén, c’un tristeiro gris de estazón” (PL, 83). Tam., PL, 130.
- Punch*, “ponche”: “Un mariñeiro de Cariño fuma a pipa e bebe o *punch* nas tabernas fumosas de Rotterdam” (PL, 223).
- Snob*, “snob”: “Pelegrinos e non turistas, que compre distinguir ben antr’a devozón ideal e o «diletantismo» «snob»” (PL, 210).
- Sport*, “deporte”: “Os homes de sport teñen tamén o coiro enrugado” (EN, 6). Tam., AS, 58, 59, 115 e 128; FV, 107 e 120; D, 99; CC, 16; TM, 75.
- Sportivo/sportiva*, “deportivo/deportiva”: “Na horta, xogando, o rapaz sportivo se non decataría endexamais da traxedia da vida” (AS, 58). Tam., AS, 60, 93, 103 e 128; FV, 111 e 134; PL, 159; TM, 75.
- Squire*, “escudeiro, propietario”: “...o «squire de Blancksnow»” (SR, 86).
- Tennis*, “tenis”: “...hastra xogaba o **tennis** no verde lameiro do pomar” (AS, 116). Tam., TM, 75.
- Tilbury*, “tilburi, coche lixeiro de dúas prazas”: “O caso, según contaron, foi que nun lixeiro tilbury, ben envolveitos en mantas escocesas...” (SR, 42).
- Trust*, “consorcio”: “Os feretristas, grandes e pequenos, celebran hoxe o encomenzo do seu trust e monopolio, ou monipodio ou como raio se diga...” (P, 44). Tam., P, 49.
- Verandah*, “miradoiro, galería”: “¿Non é máis acougante unha «verandah» con froles e paxaros do que isa quinta de vella solteirona?” (SR, 105).
- Whisky*, “whisky”: “O Paulos tivo valor pra sacarlle do bolso un frasco de *whisky*” (VP, II, 96).
- Yankee*, “norteamericano”: “...esbardallando de zafras, cimarróns, goletas, gormo negro, e ouro yankee...” (ME, 80).

### 4.3. Italianismos

- Allegro*, “alegro”: “Os cartos que se gastan en pariaugas cando chove teñen moito dos que se emplean na botica pra un calmante, un sello, unha meiciña urxente que non detén o *allegro* do día” (PL, 111).
- Amore*, “amor, cariño”: “Levaba un negociado de Clases Pasivas. I-é xusto dicir en descargo do home terrible, qu’o levaba con arte, con *amore*, hastra con certa grandeza” (CC, 59).
- Andante*, “andante”: “Gostaba do ar trunfante que xugaba a sua mocidade, un ar de románteco *andante*” (CV, II, 84). Tam., AS, 30; PL, 50.
- Ariolo*, “adiviño, agoireiro”: “¿Foi obra do italián, do ariolo do demo Xohán da Siena!” (RG, 223).
- Bambino*, “neno”: “Aprendía cos *bambinos* as orazóns â Madonna na lingua italián” (FV, 124).
- Belvedere*, “miradoiro, azotea”: “N’ unha revolta da carretera, a dreita, atopou un pequeno belvedere agarimoso e serio” (AS, 53). Tam., AS, 116.
- Camerino*, “gabinete, cuarto dun artista”: “...o pai collía un fermoso volume encoadernado cunha pele que tiña (sóupo despoixa o neno o segredo) feiteceiro ulido de «camerino», e recitaba escéas de Moliere...” (FV, 25).
- Condottieri*, “condotieros”: “¿Onde foron os condottieri?” (FV, 74).
- Corso*, “avenida, paseo”: “...rañárianse as peles envexosas dos dandys dos bulevares e dos cursos” (SR, 116). Tam., FV, 74.

*Dilettantismo*, “diletantismo, afección”: “N’había sostantividade sinón dilettantismo” (AS, 109). Tam., PL, 210.

*Dilettantista*, “diletante”: “...bohemia mais ou menos dilettantista doutros tempos...” (PL, 119).

*Escabino*, “rexedor”: “...eu quixera espertar nas vosas escuras concenzas o pouco que teñades dos vosos anterros montesíos pra que ao son do crarinazo revolucionario un bon día manxárades aos grosos escabinos salchicheiros...” (FV, 106).

*Gavineto*, “gabinete”: “Como un gavineto de curiosidás de cardeal rico e ocioso, seméllame ista Real Universidade...” (ES, 330).

*Intermezzo*, “intermedio, entreacto”: “O consóo calmo, cecáis tamén filosófico, do pasaxeiro das cousas, da sensación sempre gostosa do «intermezzo»” (ES, 348). Tam., FV, 134.

*Loggias*, “edificios abertos, con soportais”: “Resolta a dúbida no cantón do Toural, disponse a Nova en loggias de pazos fermosos, solenes, con ensaios de arcos...” (ES, 133).

*Madonna*, “a Virxe”: “Nos primeiros sendeiros da Italia sorríanlle Madonnas labregas” (FV, 124).

*Minuetto*, “minuetto”: “Rosalinda, pra ti compuxen iste *minuetto*...” (TM, 54).

*Morbidezza*, “morbidez, delicadeza”: “Pódía ser que millor «occamistas» pola «morbidezza» perigosa e fina do seu razoar, semellante ás variacións do frontal de Santa Clara” (ES, 17).

*Piazza*, “praza”: “Verba lonxana e fermosa com’un grupo escultórico da Piazza de Florenza” (AS, 23).

*Polenta*, “fariña cocida con varios ingredientes”: “...algús Papas soilo se mantiñan con *polenta*” (PL, 46).

*Racontos* (sic), “relatos, narracións”: “A ialma da Europa do oitocentos –liberdade, malenconía, loita do deber e da paixón– chegaba envolta en arias e racontos italiáns” (CC, 75).

*Ritornello*, “refrán”: “...envoltándose de seguida nun vello chal, luxo descorido, valeiro ritornello, lucía na porta como a feitura resignada dun destino, o seu...” (SN, 17).

*Romagnol*, “romaño”: “Adeprendía cos bambinos as orazóns à Madonna na lingua italián, no *romagnol* bravamente armoñoso ulido de loureiro nos ermos queimados pol-o Agosto” (FV, 124).

*Savoneta*, “reloxo de peto con tapa”: “...gardaba un locir do XVIII na savoneta,...” (SR, 7).

*Scherzante*, “burleiro”: “Desfiados, desguedellados, bulreiros, scherzantes, terribres, medoñentos, corrían os medos en tropas cabalgantes dende a posta do sol hastra o primeiro batelar das eirexas” (CV, I, 98). Tam., FV, 28 e 46.

*Scherzare*, “axitarse, moverse”: “...corre un vento polar: fala e quéixase na chemineia, chora no violín e na yarpa, scherza nos cordaxes dos buques-fantasmas e nos podente alcoholes mariñeiros” (AS, 130).

*Scherzo*, I. “chanza, burla”: “O camiño cinguido de silveiras nas que bulían os *scherzos* de baixo dos abellós...” (EN, 7). 2. “composición musical”: “O Scherzo da Heróica” (CV, II, 33).

*Stanza*, “cuarto, habitación”: “Polos aires da Mahía e os do Pico Sagro, as nubes gostan de maxinar ringleiras de «stanzas» onde desenvolvere as calmas belezas dos reflexos amantes das frentes eleitas” (ES, 20).

*Violoncello*, “violonchelo”: “...templan violíns, violas, violoncellos que soan à Italia...” (FV, 13). Tam., FV, 27, 33, 53 e 64; VP, III, 117; CV, I, 51; ES, 133.

#### 4.4. Xermanismos

*Burgmeister* (sic), “alcalde”: “Manxaban salchichas dinas dun Burgmeister da vila imperial de Frankfurt” (FV, 84).

*Doktor*, “doutor”: “Era o Herr Doktor Pirnbaum, mestre de Stuttgart” (SR, 98).

*Herr*, “señor”: “Era feio, silenzoso, e tolo o cativo do Herr Professor e Censor dramático, Werner” (FV, 26). Tam., FV, 14 e 112; AS, 122; SR, 98.

*Junker*, “nobre, fidalgo”: “...foille cobrar a ialma cando estaba frido de morte en desafío cun junker” (FV, 92). Tam., FV, 32.

*Kappelmeister*, “mestre de capela”: “...aquil xesto de Kappelmeister dunha orquesta de espirtos” (FV, 98).

*Lieder*, “breves composicións poéticas alemáns, destinadas ó canto”: “Tiña ceibado Goethe unha enteira primadeira, un longo e pousado outono de lieder, bandadas de aves migradoiras, cantos aniñados na frouma das arquitecturas literarias. O lieder ulente a paisaxes mollados, o lieder despedida, o lieder serenata, o lieder lembranza saudosa de intres en total-as vidas rexurdidas igual que as sazóns, ao seu tempo” (*FV*, 102-103). Tam., *FV*, 54, 58, 98 e 108.

*Ranz*, “ventre, barriga”: “Non vos podeades maxinar... a verdade do ranz das vacas...” (*FV*, 90).

*Ritter*, “cabaleiro, home valente”: “Moitas tiña amado con amor de estudante romántico, con brío de ritter dos grandes camiños” (*FV*, 85). Tam., *FV*, 51.

*Seiche*, “variación de nivel dun lago”: “O espallamento do Lago Lemán apenas trubado por vibracións de «seiches»...” (*FV*, 106).

*Socialdemokratie*, “socialdemocracia”: “Tamén no seu tempo houbo un gran principado mecánico. Entón a *Socialdemokratie* e o Emperador Guillermo” (*PL*, 179).

*Walkiria*, “valquiria”: “...é gostoso escoitar tod’a noite o galgar disforme das alas, portos xiados, que aprixoan os barcos coma brazos nus e brancos de walkiria...” (*AS*, 98).

*Zeppelin*, “cepelín, dirixible”: “Chegaban frases enteiras nas que alternaban verbas duras, fortes, verbas en figura sonora de bala, de zeppelin, de trabe de ferro...” (*AS*, 122).

#### 4.5. Lusismos<sup>12</sup>

*Acrescer*, “acrecer”: “Espertou dúas ou tres veces c’un pesadelo acrecido pol-os ruídos de borrhachos e autos que viñan da rúa” (*CC*, 24).

*Aldeia*, “aldea”: “...os paquetes de velas, luxo das veladas longas das aldeias” (*CC*, 27). Tam., *CC*, 31.

*Além*, “máis alá de”: “Lémbrate de min e dá soma e bruído armoñoso ao meu netiño que está lonxe, além da mar, mais chegará algún día” (*TM*, 84).

*Alem-coba*, “o mundo do máis alá”: “...quérenvos facer bós cristiáns c’a esperanza posta no mundo d’alem-coba” (*AS*, 59).

*Ardimento*, “entusiasmo, forza”: “Non vos podeades maxinar a sensoalidá da primadeira alpina, o ardimento do amor dos pastores...” (*FV*, 90).

*Areia*, “area”: “...corría diante a ola asoballante pronta a estoupar na areia” (*CV*, I, 55).

*Aza*, “áz”: “Tomado en vida pola podremia da coba fixa os ollos xa resiñado a considerar as azas espaventosas da morte” (*PL*, 148). Tam., *CC*, 24 e 70.

*Azados/azadas*, “con ás”: “...o mel soave das aboas, das abellas que zugan nos xardíns antigos e locen como pintas azadas d’ouro no fondo de gules dos escudos” (*CC*, 51). Tam., *CC*, 15 e 46).

*Bacamarte*, “arma de fogo de cano curto e con boca en forma de campá”: “Eu durmo ben choído i-enferrollado e co bacamarte a máu” (*ME*, 101).

*Baptismo*, “bautismo”: “Seguía paseniñamente o desenrolo dos ridoos dende o Baptismo ao derradeiro Requiem” (*FV*, 124). Tam., *TM*, 76.

*Baptizada*, “bautizada”: “¿E con qué rito será baptizada?” (*CC*, 13).

*Camponés*, “campesiño”: “O abade, gran tipo camponés, con poucos adrezos de saber...” (*SR*, 23).

*Cauda*, “rabo”: “...i-azoutando apaixoada ca cauda de prata, sensoal e xogantina, á un home que era dono de namorala...” (*CC*, 14). Tam., *CC*, 16 e 25.

*Ceu*, “ceo”: “...fiando entramas nas rocas de ouro, a lan das abenzas do Ceu...” (*TM*, 23). Tam., *TM*, 87.

*Coisas*, “cousas”: “...hei contare e probare cousas pra arripiarlle o coiro...” (*RG*, 31).

<sup>12</sup> Respecto dalgúñas formas que, aparentemente, semellan lusismos, cómpre aclarar que Otero forza dalgún xeito a lingua, estendendo por exemplo as terminacións *-eio*, *-eia* (ceio, chemineia) a palabras que non as posúen en portugués. De igual xeito procede cando da forma neutra *tudo* forma un masculino, feminino, singular e plural con *-u-*, inexistente no portugués: “...e todas as antigas razas reconocerán en ti ao seu Padrón” (*TM*, 77). Na nosa enumeración prescindimos de termos tipo *cárrega*, *carregado* ou *encarregar* por presentaren serias dúbidas na súa adscrición ó lusismo ou ben ó arcaísmo. Si anotamos algún galicismo incorporado ó portugués (*ardimento*, *baquemarte*, *isolamento*) así coma algún cultismo que ten a lingua irmá (*flavos*).

- Cónego*, “côengo”: “Cala, creguiño, non che vaian meter no corpo catro onzas de chumbo como ao cónego Gorostidi na Ferradura de Santiago” (*TM*, 19). Tam., *AS*, 52; *SR*, 20.
- Correio*, “correo”: “...unha especie de embaixadora e de correo pra os seus veciños na cibdade” (*CC*, 21). Tam., *CC*, 67.
- Cráneo*, “cranio”: “Sentía no oco do cráneo como o esborrallamento d’un mundo” (*CV*, I, 26).
- Cravo*, “caravel”: “Diant’ a estampa da Virxe do Pilar sempre tiña a rapaza un rendimento de cravos roxos” (*CC*, 79). Tam., *CC*, 108; *AS*, 45.
- Chapada*, “chaira”: “Apenas se fixaba... na «Chapada» d’estesos hourizontes...” (*VP*, II, 98).
- Charuto*, “cigarro puro”: “Acesos os charutos coma si fôsemos tranquiños veciños de Lugo –figura lonxe o camiño– imos de vagar car’ô Circo das Artes” (*PL*, 119). Tam., *PL*, 168; *CC*, 59; *TM*, 141.
- Cheia*, “chea”: “A criada ficou cheia d’asombro” (*CC*, 12). Tam., *CC*, 8.
- Dificuldade*, “dificultade”: “Dificuldade d’abranguela na sua vidualidade cambeante” (*AS*, 8).
- Disforme*, “deforme”: “O grande sol outonizo ven á rendere preitesía na porta ô viño poderoso, novo, pechado nas panzas disformes” (*CC*, 34). Tam., *CC*, 88, 102; *CV*, I, 24, 25; *AS*, 43, 59, 122, 139; *PL*, 25.
- Disgraciosa*, “sen gracia”: “...a fita moura da corbata salseada, de lazada disgraciosa e rutinaria dos retratos dos moderados” (*CC*, 57).
- Doirada*, “dourada”: “...un circo rechouchante de vésperas doiradas” (*CV*, I, 33).
- Facecia*, “dito ou acto xocoso”: “...ría cas pantagruélicas facecias dos xograres e do pobo e ficaba calado diante o inxenio de Voltaire” (*FV*, 99).
- Feia*, “fea”: “...orellas acenando pola gula, poderosas, feias, e inqedantes com’os monstros do Pórtico da Groria compostelán” (*CC*, 7).
- Flavo*, “da color do ouro”: “Os flavos cabelos caíanlle en cachoeira d’ouro...” (*RG*, 53). Tam., *RG*, 34-35.
- Garimpeiro*, “buscador de pedras preciosas”: “O Paulos non se contentaba con ser un bó garimpeiro” (*VP*, II, 98).
- Heroi*, “heroe”: “...as alcuñadas dende a revolución cos apellidos dos herois do liberalismo e dos alcaldes d’eleición popular” (*CC*, 26). Tam., *AS*, 138; *SR*, 37; *TM*, 112.
- Ideia*, “idea”: “Il era liberal de Prim e ningún o sacaba d’ista ideia” (*CC*, 62). Tam., *CV*, I, 5, 10, 81.
- Isolada/isolado*, “illada/illado”: “...a súa soedade de lago isolado pol-a pedra, o tempo i-a lembranza” (*PL*, 230). Tam., *PL*, 91.
- Isolamento*, “illamento”: “...concenza de se saber estrano tirando d’iste isolamento un principio inmorrente de confianza” (*AS*, 100). Tam., *CV*, I, 53.
- Marfim*, “marfil”: “...marfims da Africa negra...” (*AS*, 136). Tam., *CC*, 8, 16, 101.
- Meio/meia*, “media/medio”: “A vella Calvina sempre tiña un ollo posto na lareira e outro no camiño pol-a porta meio aberta” (*CV*, I, 184). Tam., *CC*, 17, 70, 71; *AS*, 61, 70, 91.
- Nuben*, “nube”: “Os gregos pregaban que a man de Deus, rachando as nubens, aquietara as augas” (*CC*, 14). Tam., *CC*, 77, 81, 101, 105; *CV*, I, 56; *TM*, 33, 34, 65.
- Paisaxen*, “paisaxe”: “...e na paisaxe aparecen dólmenes e fumes de sagrifizos” (*TM*, 77).
- Paseiar*, “pasear”: “Don Xohán con dous retirados paseia baixo os arcos da rúa” (*CC*, 49). Tam., *CC*, 36, 40, 64, 103; *CV*, I, 45, 57.
- Paseio*, “paseo”: “Ben desemeillante da moitedume de lembranzas que van en París, d’apaseio, collidas ôs brazos dos mais indefrentes” (*AS*, 129). Tam., *AS*, 97; *CC*, 9.
- Refeitório*, “refectorio”: “Santo de Deus, os abades de Oseira se non negan a pra disimular nos días de Coaresma enchen de hosos de capón as fendas de paredes do refitorio” (*TM*, 78). Tam., *CC*, 81.
- Rendimento*, “ofrecemento”: “...sempre tiña a rapaza un rendimento de cravos” (*CC*, 79).
- Sertão*, “rexión afastada da costa”: “Volví da sertão e da chapada c’yalma dun traficante de escravos” (*VP*, II, 98).
- Seringueiro*, “o que extrae o látex das heveas”: “...i-o Paulos entrou no curazón virxen do Brasil c’unha caravana de *seringueiros* que iban sangrar o caucho das ricas *heveas* nos bosques xa ecuatoriales, do outo Araguaiva” (*VP*, II, 98).

*Sul*, “sur”: “Iste xermano do Sul é ditoso” (*AS*, 11). Tam., *AS*, 85, 104; *CV*, I, 8; *TM*, 64, 66; *SR*, 23.  
*Tesoiro*, “tesouro”: “...loce un tesoiro maravilloso de puros ouros céltigos” (*TM*, 75).  
*Trofeu*, “trofeo”: “...xamóns pendurados, trofeu das campañas do inverno, consolo da vista, lembranza da lareira *cheia* i-afumada” (*CC*, 7-8).  
*Tudo*, “todo”: “Tudo pormete o enfermo...” (*TM*, 133). Tam., *EN*, 5.  
*Tzarda*, “danza húngara, executada xeralmente por xitanos”: “A súa música brava tzarda amolecida en *minueto*” (*FV*, 135).  
*Zeluta*, “a que finxe ter celos”: “A Frolinda ditosa e enfonchada por télo na casa envolvíao en lelos de muller zeluta e gandaina” (*ME*, 136).

#### 4.6. Catalanismos

*Aplech*, “xuntanza, reunión”: “Son El Rei das doenzas, o Emperador da Patoloxía, o Xuez supremo da Terapéutica, o *aplech* dos microbios...” (*TM*, 41-42).  
*Lluitar*, “loitar”: “Cecais non tiven valor de abondo pra lluitar...” (*RG*, 214).

#### 4.7. Outros estranxeirismos

Baixo deste epígrafe, incluímos outros estranxeirismos provenientes de linguas non consignadas con anterioridade pero que, probablemente, chegaron a Otero a través das mesmas. De entre os máis frecuentes, anotámo-los seguintes:

*Fellah*, “campesiño exipcio”: “Adeprendín os dialeitos do Nilo, sei contratar os fellahs” (*SR*, 99).  
*Geisha*, “moza bailadora xaponesa”: “-¿Sabes facer bos retratos de danzarinas, geishas, mouras, chinas, gardando a gracia dos orixinás?” (*SR*, 97).  
*Golf*, “golf”: “Ben lavado e adestrado sería un campión de golf” (*TM*, 76).  
*Harem*, “harén”: “¡Esta debe sere a raiña do harem!” (*CV*, II, 78). Tam., *RG*, 13.  
*Inlandsis*, “glaciar continental”: “...a virxinidade da pedra gastada pol’o manto do inlandsis...” (*AS*, 129).  
*Khedive*, “vicerrei de Exipto”: “...houbéranse mergullado nas augas saíndo a mirar a Selene ou Helena da noite no Ponto mitolóxico, de non lles botar unha man os gardas postos polo Khedive” (*SR*, 99-100).  
*Kiosko*, “Quiosco”: “...un estanque, no medio do que, un kiosko semellaba unha grande frol aínda pechada, por non seren aínda podentes os bicos do sol” (*SR*, 107). Tam., *SR*, 118.  
*Pachá*, “paxá”: “Con voluptuosidade de pachás, envolvementos en mantos reaes, en armiños imperiaes, centileantes de xoias, cabalgaban os severos soldados da Revoluzón...” (*FV*, 60). Tam., *SR*, 35.  
*Palankín*, “palanquín”: “...pasóu un palankín de luxo entre outos abanos” (*SR*, 103).  
*Soviet*, “soviet”: “...a nova orgaización d’un soviet nas montanas do Cáucaso” (*AS*, 125).  
*Waiwoda/vaiwoda*, “gobernador dun territorio no mundo eslavo”: “Eran como pachás ou waiwodas, os monxes de Oya” (*SR*, 35). Tam., *FV*, 10, 13, 15.  
*Vodka*, “vodka”: “Era tamén médica, odiaba ôs Zares e o vodka...” (*VP*, III, 114).

#### 4.8. Americanismos

*Bohío*, “choza, cabana”: “-Vaia, miña cousiña, si aínda hémos beilar entramos a rumba cachonda no bohío” (*ME*, 198).  
*Ingenio*, “propiedade onde se fabrica o azucre”: “Iban n’unha columna mixta pra defender ingenios ameazados” (*VP*, II, 96). / *Inxenio*: “Acollido con honra, miraba a grandeza do inxenio, a casa crara e fresqueira semellante á dun colono da Virxinia” (*SR*, 130). Tam., *VP*, II, 96; *AS*, 49.  
*Jipijapa*, “sombreiro que se fabrica coas follas da palmeira”: “...c’o traxe de rayadillo e o jipijapa facía un soldado un pouco grotesco...” (*VP*, II, 96).  
*Majá*, “cobra que vive nos bosques de Cuba”: “O Paulos tiña medo ô majá...” (*VP*, II, 97).  
*Mambi*, “soldado que loitou contra España pola independencia das Antillas”: “Algús españoles xoennlo en terra chimpanon a varios mambises” (*VP*, II, 96). Tam., *VP*, II, 97.

*Misia / misía*<sup>13</sup>, 1. “miña señora”: “Misia Chinta endexamais esquecera aquela compañeira” (*CV*, I, 14-15). Tam., *CV*, I, 14, 19, 21; *CV*, II, 78; *AS*, 114; *ES*, 291. /2. “Señora”: “...dá o brazo a vellas misias moi sabidoras d’elegancias que lle gaban o tipo e o maorazgo e lle falan de xenealoxías” (*CC*, 40).

*Ñañigo*, “afiliado a unha sociedade secreta de negros”: “Il tivera trato cos sanguñentos bruxos ñañigos e non se lle demudara a coor pôndo mau na prata dos altares” (*ME*, 133). Tam., *SR*, 129.

*Puna*, “páramo andino”: “Na América a prata vai saíndo das minas. Lévana ôs portos longas fías de mulos pol-o lombo da Cordilleira, pol-a atmósfera fina das *punas*, logo rachan a mar as flotas de galeós coma rebaños de fartos bois” (*PL*, 137).

*Zarape*, “manta grosa usada pola xente pobre”: “...tendera asoellados zarapes aztecas pra folgo da mulata mercada na Jamáica por un barril de rhum” (*FV*, 31).

<sup>13</sup> O termo é usado sen tentar de cualificar con pretensiosidade a ningunha das súas criaturas, de ningún modo afectadas e de lambida distinción.